



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 3666565

Decreto nº 62/2018

PRÓRROGA DA VIXENCIA DAS BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO DE TURISMO.

O Concello de A Pobra de Trives aprobou mediante resolución nº 4/2016 de 16/01/2016 as bases que rexerían a creación dunha bolsa de Emprego para cubrir, temporalmente, postos deste carácter, entre outros, a de Técnico de Turismo. As bases foron publicadas no B.O.P. nº 19/25.01.2016 e o tribunal efectuou a súa valoración e consecuente bolsa de Emprego o 5 de maio de 2016.

En data 26/02/2018, solicitouse subvención ao abeiro da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 (D.O.G. nº 22 de 31/01/2018) para a contratación dun/dunha técnico de turismo para desempeñar tarefas de apoio na tempada de verán.

Mediante resolución de 17 de abril de 2018 concédese este Concello unha axuda de 5.078,13 € para a contratación por un período de 3 meses: de 15 de xuño a 15 de setembro de 2018 dun/dunha técnico/a de turismo.

Considerase, que non concorren causas modificativas das condicións que motivaron as bases aprobadas para este posto concreto.

É competencia desta Alcaldía, segundo o disposto polo artigo 21.1 h) da Lei 7//85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 24 d) do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigo 41.14 do R.O.F. e artigo 61.1 h) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a aprobación das bases de contratación de persoal no exercicio da xefatura superior do persoal da Corporación e en base a elo, RESOLVO:

PRIMEIRO: Prorrogar a vixencia da Bolsa de Emprego efectuada polo tribunal de valoración en data 5 de maio de 2016, despois da correspondente convocatoria pública e aprobación das bases correspondentes da presente resolución.

SEGUNDO: Que se proceda a publicación da presente resolución e da lista de candidatas/os pola súa orde de valoración no taboleiro edital do Concello e na páxina web aos efectos de trámite de audiencia pública polo prazo de 5 días hábiles.

De non haberen reclamacións manterase na súa actual configuración a lista de aspirantes para chamamento e a mesma permanecerá vixente ata o 31/12/2018.

Así o dispoño como Alcalde-Presidente do Concello, en A Pobra de Trives, a dous de maio de dous mil dezaioito. Dou fe, A Secretaria.



O Alcalde,

Asdo. Domingo Diéguez González



A Secretaria,

Asdo. Mª Milagros Calvo Carballo